



Fiestras de guillotina sobre armazón de pés dereitos enteirizos e traveseiros de madeira; os vidros son soprados, é dicir, feitos a man e soprados.



As galerías

28. Como son?

As galerías que vemos son estruturas lixeiras formadas por un bastidor de madeira con pezas verticais chamadas montantes entre as que se aloxan as partes fixas -acristaladas ou non- e as partes móbiles, as follas de guillotina que permiten abrir a galería, ata convertela case nun balcón, para ventilar as estancias.

29. Para que valen?

As galerías protexen a fachada dos edificios contra a choiva e o vento, permitindo un maior control da ventilación e da temperatura no interior das vivendas que se atopan detrás destes singulares elementos acristalados. Aos maineis non os abanea o vento, non necesitan invadir o espazo da galería para abrigarse, e son elementos característicos desta.

30. Podemos substituílas?

As galerías de madeira son un elemento característico da arquitectura galega. En xeral, os danos que presentan pódense reparar facilmente co concurso dun bo carpinteiro. No caso de que sexa necesario substituír a galería, débese facer outra semellante realizada tamén de madeira, coas súas fiestras de guillotina, mantendo as súas características e proporcións xerais e, dalgún xeito, o muro ou tabique de peche posterior para que, no conxunto, continúe a funcionar como galería. Atópanse aínda galerías en bo estado construídas hai máis de cen anos.